

EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS

(Deixo os enlaces ás cancións)

UNHAS CANCIÓNS PARA COMEZAR O DÍA

BOS DÍAS <https://www.youtube.com/watch?v=xkSob4DrQm0>

CANCIÓN DÍAS DA SEMANA <https://www.youtube.com/watch?v=v7mm8MC1MgY>

CANCIÓN MESES DO ANO <https://www.youtube.com/watch?v=MEkFSe01-hY>

AS VOGAIS <https://www.youtube.com/watch?v=dliQADVOZBM>

OS NÚMEROS <https://www.youtube.com/watch?v=gqpgZBtUt78>

O CONTO

TRABALLAREMOS SOBRE O CONTO:

"O COELLIÑO BRANCO" (Deixovos dous enlaces ó conto, un do conto narrado e outro do conto cantado, a ver cal vos gusta máis...)

<https://youtu.be/C7S8TGTGtKs>

<https://youtu.be/-oUd4n4WPtg>

ACTIVIDADES

*Para empezar, unhas preguntitiñas sobre o Coelliño Branco:

- A onde foi o coelliño?
- Que quería facer?
- Que lle ocorreu cando chegou á súa casa?
- Quen se quería quedar coa súa casa?
- A quen lle pediu a xuda?
- Quen foi o que mellor se portou co Coelliño e lle axudou?

*Podemos intentar debuxar os 3 animais cos que se atopou o Coelliño e non lle quixeron axudar: o boi, o can, o galo.

Podemos intentar debuxar tamén a formiga que lle axudou.

*Repasamos, pintamos, intentamos facer sós ... o número 3.

*E tamén o número 4.

*Cal é o animal máis grande dos que se atopou o Coelliño?, E o máis pequeno?. Ordenaríamolos así: boi, can, galo, formiga.

*Collemos catro obxectos que teñamos pola casa e intentamos ordealos de máis grande a máis pequeno. E logo podemos facelo ó revés de máis pequeno a máis grande.

*Pois agora déixovos unhas cantas imaxes para que intentedes facer, con cousas que tedes pola casa, os dous amigos que saíron deste conto O COELLIÑO E A FORMIGA. Escollede a que máis vos guste. Espero que o pasedes ben facendo manualidades.
(As imaxes foron sacadas de Pinterest).

CON MATERIAL QUE TEÑAMOS NA CASA...



E XA PODEMOS XOGAR...

CON MATERIAL QUE TEÑAMOS NA CASA...



E XA PODEMOS XOGAR...

FOTOS e VIDEOS...

DOS NENOS E NENAS... DESTAS ACTIVIDADES OU DE OUTRAS QUE ESTEADES FACENDO... COMPARTIRÉMOLAS CANDO PODAMOS VOLTAR Ó COLE.